

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14 de xullo de 2010, declarou deserto o procedemento de contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local nº 17/151, do 3 de marzo, por non terse presentado ningunha plica e apróbase unha nova CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DESTINADOS Á REALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓNS PREVISTAS NO ARTÍCULO 13 DO REGULAMENTO (CE) 1828/2006 ÁS OPERACIÓNS ENCADRADAS NO PROGRAMA DE INICIATIVA URBANA (PROXECTO URBAN) COFINANCIADAS NUN 70% POR FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). Proxecto 09UR9201 URBAN seguimento, avaliación e control.

Por medio deste anuncio dase a coñecer a nova licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: É a realización de controis que terán como finalidade verificar a legalidade e regularidade das operacións encadradas no Proxecto de Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN) do Concello de Lugo que son cofinanciadas nun 70% con axudas procedentes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), así como supervisar e mellorar os sistemas de xestión e control implantados polo Concello de Lugo respecto do cumprimento da normativa das axudas europeas e demais requisitos do artigo 13 do Regulamento (CE) 1828/2006.

b) Prazo de execución: Dende a formalización do contrato ata o día 30 de xaneiro de 2012.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedimento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

a) Orzamento máximo do contrato: O valor estimado do contrato ascende a 21.186,44 euros, polo que sumado o IVE de 18% (3.813,56 euros) resulta un presuposto total de 25.000 euros, IVE incluído.

5.- Garantías: 635,59 euros.

6.- Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (zona de servizos: Perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: O segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 143,78 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 27 de xullo de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTE ALCALDE DELEGADA DE AREA.- Sonia Méndez García.

R. 04083